CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos.		
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.	TI	77
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Producir textos orais e multimodais coherentes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar CON AXUDA información de distintas fontes.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos.	Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas).		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.

Contidos

- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.

Contidos

- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuados aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

Contidos

- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As concrecións metodolóxicas que se levarán a cabo no 2º curso de Educación Primaria son:

- . Estratexias de aprendizaxe cooperativa. Tamén se promoverá a creación de grupos para resolver dúbidas e aclarar aspectos explicados.
- . Tutoría entre iguais.
- . Estructuración das actividades. Relacionadas cos contidos, obxectivos e metodoloxía. Que sexan motivadoras, variadas e que empreguen recursos e métodos variados.
- . Uso da axenda.
- . Estratexias para o control do tempo, control do volume (bouncy balls, puntuación por equipos, palabras clave de atención, uso dos xestos en LSE).
- . Estratexias para cambios de clase. Descansos activos.
- . Actividades e tarefas variadas:

- Actividades de iniciación: pretenden indagar nos coñecementos que o alumno ten sobre o tema que se vai tratar e motivalos cara a aprendizaxe.
- Actividades de desenvolvemento dos coñecementos: pretenden ampliar os coñecementos previos, sempre que estes sexan correctos.
- Actividades de avaliación: realizarse ao final da unidade didáctica con motivo de comprobar se alcanzaron os obxectivos.
- Actividades de reforzo e ampliación: pretenden dar resposta á diversidade de ritmos de aprendizaxe, intereses... do alumnado do grupo.
- Actividades conmemorativas: seguindo a orde de calendario escolar, faranse actividades conmemorativas en relación as distintas conmemoracións, festas tradicionais, efemérides, etc.

. Estratexias para a expresión oral, a comprensión lectora e a expresión escrita nas diferentes áreas.

. Agrupamentos variados: Individuais, para que o docente e o propio alumno ou alumna valore o que é capaz de facer de forma individual. Por

parellas, onde uns alumnos ou alumnas apoiem a aprendizaxe dos outros (titoría entre iguais). En pequeno grupo, traballaranse procedementos, actividades de descubrimento, procura de información. En gran grupo, realizaranse debates, postas en común, lectura de contos, dramatizacións, exposicións orais, etc.

- . Estratexias e propostas para promover a resolución de problemas e o razoamento.

- . Aprendizaxe mediante o xogo ou gamificación.

- . Recanto de biblioteca (BiblioLampi), zona Os nosos proxectos, zona de xogos didácticos e manipulativos ...

- . Dinámicas para promover a inclusión e a convivencia.

- . Reforzo positivo.

- . Estratexias de pensamento (rutinas de compara-contrasta, cartas de instrucións visuais, mapas mentais etc.).

- . Estratexias e dinámicas socioemocionais, de mentalidade de crecemento, de coñecemento e respecto á diversidade funcional.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: material de elaboración propia para os proxectos, funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), libros da biblioteca e outros aportados polo alumnado relacionados cos proxectos, xogos didácticos e material manipulativo de elaboración propia, plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio, poleas, balanzas, maquetas, láminas de apoio visual, libros de consulta, etc.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: encerado dixital, ordenador de aula, aula de informática, tablets, robots educativos, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot e outras aplicacións para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, horto escolar, cociña e os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas de curso realizarase a avaliación inicial do alumnado de 2º.

Como instrumentos de avaliación inicial utilizaranse:

- Observación directa.
- Asambleas, intercambios orais, pequenas exposicións.
- Tarefas escritas.
- Tarefas orais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	23	17	20	23	21
Táboa de indicadores	77	83	80	77	79

Criterios de cualificación:

Para cualificar os proxectos, utilizaremos:

- Táboas de indicadores. A través das táboas avaliaranse os criterios de avaliación relacionados coa expresión e comprensión oral, lectura, normas sociocomunicativas, traballo en grupo, resolución de conflitos e respecto polos compañeiros, capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos e tarefas diarias. 70%

- Probas obxectivas. A través destas probas avaliaranse algúns criterios de avaliación relacionados coa expresión escrita, comprensión lectora, aspectos gramaticais e ortográficos, vocabulario, entre outros. 30%

A nota extraerase da media obtida entre as cualificacións dos proxectos que compoñen o trimestre.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Organizaranse recursos, materiais e estratexias encamiñados a facilitar a consecución de obxectivos establecidos para o curso para aqueles nenos e nenas que, unha vez realizada a avaliación inicial, amosen dificultades.

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa.

No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade levadas a cabo en 2º nivel :

- (1) Atención individualizada, observación e apoio das titoras.
- (2) Apoios por parte da profesora de PT e de AL.
- (3) Apoios por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.
- (4) Estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais, etc.
- (5) Exercicios, actividades e tarefas de reforzo, repaso e ampliación para o alumnado que o precise.

(6) Estratexias de comprensión lectora (Detectives de textos) , de escritura, de cálculo e resolución de problemas, todas elas levadas a cabo de forma constante durante o curso.

(7) Organización das tarefas, aclaración da meta das actividades, instrucións orais dos pasos a realizar.

(8) Estratexias para que o alumnado revise as tarefas escritas.

(9) Asamblea diaria como forma de consolidar rutinas de entrada, traballar aspectos socioemocionais e de valoración da semana.

(10) Axenda persoal.

(11) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, aplícase con todo alumnado ao que se lle detectan dificultades.

(12) Marcar tempos e control do volume (uso de aplicacións como Classroomscreen ou Bouncy Balls, tamén de estratexias variadas para redirixir a atención como xestos en LSE, etc.)

(13) Vinculación a contextos reais e motivadores.

(14) Dinámicas socioemocionais coas que promover a convivencia e a cohesión nos grupos. Dinámicas de relaxación e volta á calma. Dinámicas coas qu promover o esforzo, a perseveranza e a mentalidade de crecemento.

(15) Reforzo positivo.

(16) Recursos visuais e sonoros (uso das TIC, películas, música, imaxes, esquemas, mapas conceptuais, etc.)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.				X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais, saídas á contorna	Visita a un museo, exposicións, espazos naturais próximos...	X	X	X
Actividades coas familias e con outros membros da comunidade educativa.	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Actividades reacionadas co CPInclúe do centro	Relaxación e xestión de emocións, diversidade familiar, diversidade funcional e inclusión, igualdade entre homes e mulleres, etc.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.

Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.
Rol do docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Estilo de ensinanza.
Temporalización.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Procedementos de avaliación.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados